

## Guía sobre as probas de acceso a 2º, 3º, 4º Curso de Grao Elemental <sup>1</sup>

Curso 2022/23

- REQUISITOS

A idade dos aspirantes deberá estar comprendida entre os 8 e os 14 anos cumpridos ou por cumprir dentro do ano natural.

Para a realización do exercicio A da proba naquelas obras que así o requiran, os aspirantes deberán aportar os seus músicos acompañantes.

Os aspirantes deberán presentarse con partituras orixinais.

- PRAZOS E DATAS

No documento *Prazos e datas de interese do acceso a 2º,3º,4ºGE e 2º,3º,4º,5º,6ºGP*, publicado na web do centro, poderase consultar a información ao respecto.

- DESENVOLVEMENTO DAS PROBA

Para todas as especialidades as probas constarán de dous exercicios, que teñen carácter eliminatorio e que consisten en:

- A) Interpretación, no instrumento da especialidade á que opte, de dúas obras de libre elección e unha obra ou exercicio a primeira vista proposto polo tribunal, do nivel correspondente ao curso inmediatamente anterior ao que se opte.
- B) Exercicio teórico-práctico para avaliar a capacidade auditiva e vocal, así como os coñecementos de linguaxe musical.

Para superar a proba cumpre ter unha cualificación mínima de cinco puntos sobre dez en cada un dos exercicios. A puntuación definitiva será a media ponderada da cualificación obtida nos dous exercicios, cos seguintes porcentaxes: 60% o exercicio A e 40 % o exercicio B.

- CONTIDOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os contidos e criterios de avaliación das probas pódense consultar nas programacións didácticas das materias que están a disposición do alumnado na páxina web do centro.

---

<sup>1</sup> **Lexislación aplicable:** Decreto 198/2007, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música. Circular 4/2008 pola que se regulan as probas de acceso ao grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música. Instrución conxunta da Axencia Tributaria de Galicia e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa sobre a aplicación de prezos públicos nas ensinanzas de réxime especial do 5 de xuño de 2015.

- SUPERACIÓN DA PROBA E OBTENCIÓN DE PRAZA

Se o número de solicitantes é superior ao de prazas ofertadas, a adxudicación destas realizarase por orde de puntuación na proba de acceso e, de ser igual a cualificación, desempatarase pola puntuación obtida na parte A.

- OBSERVACIÓNS

Os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI e do resgardo da inscrición.

Os alumnos deberán aportar as partituras orixinais para a súa interpretación perante o tribunal.

Para a realización das probas escritas, os alumnos deben traer bolígrafo, lapis e goma.

Calquera actualización ou modificación con respecto as datas ou ao desenvolvemento da proba que por indicación das autoridades pertinentes se deba realizar será comunicada aos aspirantes mediante publicación na páxina web do centro e/ou comunicación directa cos mesmos.